



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE A ENQUISA TRIMESTRAL DE CUSTO LABORAL

Terceiro trimestre de 2022

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2022

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Enquisa trimestral de custo laboral (ETCL). Terceiro trimestre de 2022

- O custo laboral das empresas rexistrou en Galicia unha taxa de variación anual do 3,1% no terceiro trimestre de 2022; no conxunto de España a taxa foi do 4,0%. O custo laboral total en Galicia é de 2.497,28 euros, 257,47 euros inferior á media nacional (2.754,75 euros).
- O custo salarial creceu en Galicia un 4,0% no terceiro trimestre de 2022 con respecto ao mesmo período do ano anterior e en España un 4,1%. O custo salarial en Galicia sitúase nos 1.835,07 euros, mentres que a media do conxunto de España é de 2.032,05 euros.
- O custo laboral por hora efectiva aumenta un 3,4% en Galicia e un 3,0% en España.
- O custo laboral aumenta en todas as comunidades autónomas.
- A xornada semanal media pactada é de 35,5 horas semanais en Galicia e de 35,3 horas en España.

Custo laboral. Terceiro trimestre de 2022			
Taxa de variación anual do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
3,1	Custo total	2.497,28	3,1
2,9	Custo salarial total	1.835,07	4,0
	Outros custos	662,21	0,8
0,9	Cotizacións obrigatorias	620,26	3,7
-0,6	Percepcións non salariais	54,22	-22,5
0,1	Subvencións e bonificacións <sup>(1)</sup>	12,27	13,0

<sup>(1)</sup> As subvencións subtráense dos outros custos

## 1. Custo laboral segundo os seus compoñentes

O custo laboral das empresas rexistrou en Galicia unha taxa de variación anual do 3,1% no terceiro trimestre de 2022; no conxunto de España a taxa foi do 4,0%. O custo laboral total en Galicia é de 2.497,28 euros, 257,47 euros inferior á media nacional (2.754,75 euros).

O seguinte gráfico amosa a evolución do custo laboral por traballador e mes.








O custo laboral pode desagregarse en dous grupos: custo salarial e outros custos.

- O Custo salarial, que comprende salario base, complementos salariais, pagos por horas extraordinarias, pagos extraordinarios e pagos atrasados, medidos en termos brutos, acadou os 1.835,07 euros por traballador e mes en Galicia, o que supón un incremento do 4,0%. En España, o custo salarial crece un 4,1%.
- Se se exclúe o factor variable dos salarios (pagos extraordinarios e atrasados), obtense o custo salarial ordinario, que aumenta o 2,9% en Galicia, acadando os 1.674,18 euros. En España, o custo salarial ordinario é de 1.847,71 euros, cun incremento do 4,0% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.
- Os Outros custos, que comprenden principalmente as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e as percepcións non salariais (indemnizacións, prestacións sociais,...) sitúanse en 662,21 euros en Galicia, co que aumentan un 0,8%; en España crecen un 3,8%, ata os 722,70 euros.

## 2. Custo laboral segundo actividade económica






Desagregando segundo sectores de actividade económica, o custo laboral total aumenta nos tres grandes sectores.

Na Industria o Custo total aumenta un 3,1%, debido ao incremento do Custo salarial total, 3,3% e dos Outros custos, 2,5%.

INDUSTRIA. Terceiro trimestre de 2022			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
	Custo total	2.870,95	3,1
	Custo salarial total	2.095,64	3,3
	Outros custos	775,31	2,5
	Cotizacións obrigatorias	728,46	3,5
	Percepcións non salariais	58,28	-8,8
	Subvencións e bonificacións <sup>(1)</sup>	11,44	-0,3

<sup>(1)</sup> As subvencións subtráense dos outros custos

O Custo total na Construción aumenta un 4,4%, crecendo o Custo salarial total un 5,7% e os Outros custos un 1,5%.

CONSTRUCCIÓN. Terceiro trimestre de 2022			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
	Custo total	2.779,73	4,4
	Custo salarial total	1.932,82	5,7
	Outros custos	846,91	1,5
	Cotizacións obrigatorias	731,94	2,9
	Percepcións non salariais	125,12	-2,2
	Subvencións e bonificacións <sup>(1)</sup>	10,14	136,4

<sup>(1)</sup> As subvencións subtráense dos outros custos

Nos Servizos o Custo total aumenta un 3,1%, cun incremento do Custo salarial total, 4,1% e dos Outros custos, 0,4%.

## SERVIZOS. Terceiro trimestre de 2022

Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
3,1	Custo total	2.385,68	3,1
3,0	Custo salarial total	1.765,69	4,1
	Outros custos	619,99	0,4
1,0	Cotizacións obrigatorias	585,40	4,0
-0,8	Percepcións non salariais	47,23	-28,5
0,1	Subvencións e bonificacións <sup>(1)</sup>	12,64	11,7

<sup>(1)</sup> As subvencións subtráense dos outros custos

O custo laboral na Industria e nos Servizos en Galicia é inferior á media nacional en aproximadamente 300 euros; na Construción o custo é superior en Galicia en 65 euros.

### 3. Tempo de traballo

No terceiro trimestre de 2022, a xornada semanal media pactada en Galicia é de 35,5 horas semanais, e destas, pérdense 7,2 horas semanais. En España, a xornada semanal pactada é de 35,3 horas, das que se perden 7,3 horas semanais.

Se se engaden horas extras e se restan as horas perdidas, a xornada efectiva é de 28,5 horas semanais en Galicia e de 28,1 horas no conxunto do Estado.

O custo laboral total por hora efectiva aumenta en Galicia un 3,4% e en España un 3,0%.

#### Custo laboral por hora efectiva. Terceiro trimestre de 2022

	Euros	Taxa interanual
Galicia		
Custo laboral total	20,2	3,4
Custo salarial total	14,8	4,3
Outros custos	5,4	1,1
España		
Custo laboral total	22,6	3,0
Custo salarial total	16,6	3,1
Outros custos	5,9	2,8

Fonte: NE

#### 4. Custo laboral corrixido de estacionalidade e calendario

Se eliminamos os efectos estacionais e de calendario, o custo laboral por traballador rexistra unha taxa do 3,0% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.




#### 5. Custo laboral por comunidades autónomas

Por comunidades autónomas, o custo laboral máis elevado corresponde a Madrid, que supera en máis de 500 euros á media nacional, mentres que en Extremadura o custo laboral é inferior á media nacional na mesma cantidade.

O custo laboral aumenta en todas as comunidades. Os maiores incrementos prodúcense en Illes Balears (12,0%) e Canarias (10,1%). Os menores crecementos rexístranse en País Vasco e Murcia (ambas 1,7%)

## Custo laboral total. 3º trimestre de 2022

Taxas de variación en %



### Notas metodolóxicas

A Enquisa trimestral de custo laboral ten por obxectivo coñecer a evolución do custo laboral medio por traballador e por hora efectiva de traballo.

Investíganse os traballadores asalariados por conta allea asociados as Contas de Cotización á Seguridade Social incluídas no Réxime Xeral e cuxa actividade económica estea encadrada nas seccións B a S da CNAE-09 e no Réxime Especial de traballadores do mar e cuxa actividade económica é o transporte marítimo.

Custo laboral: custo no que incorre o empregador pola utilización de factor traballo. Comprende un amplo grupo de partidas que a enquisa recolle en dous bloques principais: custos salariais e outros custos.

Custo salarial: comprende todas as percepcións económicas realizadas aos traballadores, en efectivo ou en especie, pola prestación profesional dos servizos laborais por conta allea, xa retribúan o traballo efectivo, calquera que sexa a forma de remuneración, ou os períodos de descanso computables como de traballo.

Outros custos: inclúen as percepcións non salariais e as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social.

Hora efectiva: son as horas realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornada extraordinaria, incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, que teñen a consideración de tempo efectivo en virtude da normativa vixente.

Custo laboral por traballador e mes: mide o custo que supón para o empresario empregar a un traballador durante un mes.

Custo laboral por hora efectiva de traballo: mide o custo que supón para o empresario unha hora efectiva de traballo.

O custo debe ser medido en termos netos para o empregador, é dicir, deducindo as diversas subvencións recibidas.



## Anexo cadros

Cadro 1.- Custo laboral por sectores económicos segundo os seus compoñentes. Terceiro trimestre de 2022

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
<b>Galicia</b>								
Custo laboral total	2.497,28	3,1	2.870,95	3,1	2.779,73	4,4	2.385,68	3,1
Custo salarial total	1.835,07	4,0	2.095,64	3,3	1.932,82	5,7	1.765,69	4,1
Custo salarial ordinario	1.674,18	2,9	1.877,08	4,2	1.710,58	2,3	1.623,55	2,6
Outros custos	662,21	0,8	775,31	2,5	846,91	1,5	619,99	0,4
Cotizacións obrigatorias	620,26	3,7	728,46	3,5	731,94	2,9	585,40	4,0
Percepcións non salariais	54,22	-22,5	58,28	-8,8	125,12	-2,2	47,23	-28,5
Subvencións e bonificacións	12,27	13,0	11,44	-0,3	10,14	136,4	12,64	11,7
<b>España</b>								
Custo laboral total	2.754,75	4,0	3.172,87	3,7	2.713,99	2,7	2.685,11	4,2
Custo salarial total	2.032,05	4,1	2.325,80	4,4	1.897,39	3,1	1.991,23	4,2
Custo salarial ordinario	1.847,71	4,0	2.052,10	3,8	1.755,29	2,5	1.819,21	4,2
Outros custos	722,70	3,8	847,07	1,8	816,60	1,8	693,88	4,5
Cotizacións obrigatorias	676,24	5,0	794,99	3,2	746,66	2,3	650,19	5,7
Percepcións non salariais	59,39	-8,8	63,15	-13,2	80,36	-0,5	57,13	-8,7
Subvencións e bonificacións	12,92	0,5	11,06	0,5	10,42	16,0	13,44	-0,4

Fonte:INE

Cadro 2.- Custo laboral por hora efectiva. Terceiro trimestre de 2022

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
<b>Galicia</b>								
Custo laboral total	20,2	3,4	22,3	3,9	19,9	9,1	19,7	2,8
Custo salarial total	14,8	4,3	16,2	4,1	13,8	10,5	14,6	3,7
Custo salarial ordinario	13,5	3,2	14,6	5,1	12,3	6,9	13,4	2,3
Outros custos	5,4	1,1	6,0	3,4	6,1	6,1	5,1	0,2
<b>España</b>								
Custo laboral total	22,6	3,0	25,2	4,3	19,8	3,2	22,3	2,8
Custo salarial total	16,6	3,1	18,5	4,9	13,8	3,6	16,5	2,7
Custo salarial ordinario	15,1	3,0	16,3	4,4	12,8	3,0	15,1	2,9
Outros custos	5,9	2,8	6,7	2,4	6,0	2,4	5,8	3,0

Fonte:INE

Cadro 3.- Horas semanais por traballador e mes<sup>1</sup>. Terceiro trimestre de 2022

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas
<b>Galicia</b>								
Ambas xornadas	28,5	7,2	29,7	8,3	32,1	6,6	27,9	7,0
Tempo completo	30,9	8,1	29,7	8,8	32,6	6,8	30,7	8,1
Tempo parcial	18,7	3,4	18,3	4,5	23,7	3,3	18,7	3,4
<b>España</b>								
Ambas xornadas	28,1	7,3	29,0	9,2	31,6	6,6	27,7	7,1
Tempo completo	30,6	8,3	29,8	9,6	32,5	6,9	30,6	8,2
Tempo parcial	18,9	3,7	18,9	4,0	20,6	3,6	18,9	3,7

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos difundidos polo INE

<sup>1</sup> A efectos de cálculo, considéranse 4,35 semanas ao mes

Cadro 4.- Custo laboral total. Terceiro trimestre de 2022

	Custo laboral por traballador e mes			Custo laboral por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
España	2.754,8	108,4	4,0	22,6	114,1	3,0
Andalucía	2.480,2	108,2	4,0	19,9	110,8	2,6
Aragón	2.630,3	108,9	4,0	21,4	111,6	1,1
Asturias	2.670,6	103,8	3,0	22,5	110,4	1,5
Baleares, Illes	2.648,5	111,2	12,0	19,3	107,7	7,5
Canarias	2.356,2	109,0	10,1	18,1	109,8	1,5
Cantabria	2.563,4	105,5	5,6	21,0	113,2	6,1
Castilla y León	2.459,2	105,8	2,4	20,8	112,5	3,3
Castilla-La Mancha	2.471,3	109,3	2,4	20,3	114,7	2,0
Cataluña	2.947,6	109,5	4,8	24,4	116,5	2,9
Comunitat Valenciana	2.552,1	112,7	6,0	20,8	117,0	4,5
Extremadura	2.226,9	106,2	6,1	18,7	111,8	3,2
Galicia	2.497,3	111,1	3,1	20,2	116,1	3,4
Madrid	3.176,6	105,6	2,0	25,8	113,5	3,0
Murcia	2.427,4	104,8	1,7	20,2	112,3	1,2
Navarra	2.973,8	112,0	4,9	26,1	121,3	8,8
País Vasco	3.272,5	111,0	1,7	30,4	125,2	6,3
Rioja, La	2.448,7	104,6	4,5	20,4	110,0	1,9

Fonte: INE

Cadro 5.- Custo salarial. Terceiro trimestre de 2022

	Custo salarial por traballador e mes			Custo salarial por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
España	2.032,1	107,1	4,1	16,6	112,7	3,1
Andalucía	1.816,8	107,1	4,0	14,6	109,6	2,5
Aragón	1.911,0	106,6	4,2	15,5	109,2	1,3
Asturias	1.962,0	101,6	3,1	16,5	108,1	1,7
Balears, Illes	1.935,6	110,0	9,1	14,1	106,5	4,8
Canarias	1.726,8	108,6	9,6	13,3	109,4	1,0
Cantabria	1.884,3	104,2	6,0	15,4	111,8	6,4
Castilla y León	1.799,6	104,7	2,0	15,2	111,3	2,8
Castilla-La Mancha	1.803,7	108,0	2,0	14,8	113,3	1,6
Cataluña	2.181,5	108,2	5,5	18,1	115,1	3,6
Comunitat Valenciana	1.868,1	110,9	6,4	15,2	115,2	4,9
Extremadura	1.631,5	104,8	7,0	13,7	110,3	4,1
Galicia	1.835,1	110,9	4,0	14,8	115,9	4,3
Madrid	2.385,5	104,7	2,0	19,3	112,6	3,0
Murcia	1.769,5	102,6	1,8	14,7	110,0	1,3
Navarra	2.188,7	111,4	5,7	19,2	120,5	9,5
País Vasco	2.392,4	108,5	1,0	22,2	122,4	5,5
Rioja, La	1.781,6	101,7	5,1	14,8	107,0	2,6

Fonte:NE

Cadro 6.- Outros custos. Terceiro trimestre de 2022

	Outros custos por traballador e mes			Outros custos por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
España	722,7	112,2	3,8	5,9	118,2	2,8
Andalucía	663,3	111,5	4,1	5,3	114,1	2,7
Aragón	719,3	115,7	3,4	5,9	118,7	0,7
Asturias	708,6	110,4	2,6	6,0	117,3	1,2
Balears, Illes	712,8	114,5	20,6	5,2	111,2	15,6
Canarias	629,5	110,3	11,5	4,8	111,0	2,8
Cantabria	679,1	109,2	4,6	5,6	117,3	5,3
Castilla y León	659,7	108,9	3,6	5,6	116,0	4,5
Castilla-La Mancha	667,6	113,1	3,4	5,5	118,8	3,0
Cataluña	766,1	113,6	3,0	6,3	120,5	1,0
Comunitat Valenciana	684,0	117,9	4,7	5,6	122,4	3,3
Extremadura	595,4	110,3	3,8	5,0	116,0	0,8
Galicia	662,2	111,6	0,8	5,4	116,6	1,1
Madrid	791,0	108,5	2,1	6,4	116,5	3,2
Murcia	657,9	111,0	1,4	5,5	118,9	0,7
Navarra	785,1	113,9	2,8	6,9	123,5	6,7
País Vasco	880,2	118,3	3,6	8,2	133,3	8,4
Rioja, La	667,1	113,4	2,8	5,6	119,1	0,2

Fonte:NE